Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 18 Decembro 2013 19:09



-A entidade deportiva entende que está "sendo continuamente marxinada polas administracións locais da zona", a pesar de representar a comarca por toda España e no estranxeiro.

Segundo da conta na súa web, o Club Ciclista Rías Baixas prepara o seu novo proxecto para a tempada 2014 e vólveo a facer "sen ningún tipo de axuda económica por parte dos concellos do Val Miñor, a comarca que representa por toda España e tamén no estranxeiro" . A entidade con sede en Nigrán conta con 150 corredores con licenza, desde escolas ata veteranos, e é un dos seis equipos de Galicia que compite na categoría Élite Sub-23. A súa directiva denuncia que a pesar da dimensión social do club "está sendo continuamente marxinada polas administracións locais da zona."

Decepcionados co Concello de Nigrán

A directiva que preside José Luís Chamorro está "especialmente decepcionada co Concello de Nigrán", cuxo escudo amosa "con orgullo nos seus maillots e nos seus coches". Agregan que á marxe do número de familias do municipio que teñen a algún dos seus membros na institución "tampouco se valora que sexa un dos proxectos deportivos de Nigrán que compite a maior nivel".

Baiona non da cartos pero apoia con infraestruturas

O escudo do Concello de Baiona tamén aparece na vestimenta destes deportistas, " aínda que a súa achega económica é inexistente", sinalan. Pese a iso, a directiva do Club Ciclista Rías Baixas afirma que "non ten ningunha palabra de reproche polo trato que recibe por parte deste goberno local, con quen existe un clima de absoluta colaboración noutros aspectos. Por exemplo, na cesión dun espazo acoutado para realizar os adestramentos dos corredores da base ou a organización dun campus durante o verán de forma conxunta".

Denuncian estar en "inferioridade de recursos" ante o resto dos equipos.

Ante esta situación, a entidade deportiva denuncia que compite en "inferioridade de recursos" respecto de os outros equipos do seu mesma categoría. Nese senso exemplifican cos casos do Club Ciclista Vigués ou o Club Ciclista Spol de O Porriño, "dous conxuntos veciños que tamén

militan no pelotón Élite, si que reciben respaldo económico dos seus concellos".
Esta falta de axudas non impediu que no seu primeiro ano na segunda categoría do ciclismo español a estrutura adestrada por Ramón Troncoso logre grandes resultados como o segundo posto por equipos na clasificación da Volta a Galicia, onde Héctor Dueñas quedouse a tan só un segundo de adxudicarse o triunfo final. Ademais, Gustavo Rodríguez conseguiu a proeza de finalizar entre os 25 primeiros no Ironman de Florida vestindo as cores do club e durante o último mes Jaime Juncal está brillando no calendario autonómico e estatal de cyclo-cross.